



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1813/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de xaneiro de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e catro minutos do día tres de xaneiro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Díaz (Resolución de 30/12/2024).

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN DOS TRABALLOS DE CAMPO DE MONTAXE, DESMONTE E MANTEMENTO DA ILUMINACIÓN DECORATIVA, DOS SETS DECORATIVOS, DA ORNAMENTACIÓN

VEXETAL E NON VEXETAL, DA EXPOSICIÓN BELENÍSTICA, DO SERVIZO DE MEGAFONÍA E DOS MERCADOS DO NADAL. EXPTE. 10051/106.

Visto o informe xurídico do 18/12/2024 e o informe de fiscalización do 19/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/12/2024, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución de data 23/02/2024 o concelleiro delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto simplificado da prestación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmote e mantemento efectuados polas empresas contratistas da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados do Nadal (Cíes market e Calvario) durante as campañas do Nadal 2024-2025 e 2025-2026.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** do expediente de data 23/02/2024 asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio.

- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 23/02/2024.

- **Documento económico de retención de crédito** con operación RCFUT 12024000192345, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria con data 29/11/2024.

- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 10/09/2024.

- **Prego de prescricións técnicas particulares** asinado polo Xefe da Área de Servizos Xerais con data 27/11/2024.

- **Memoria económica do contrato** asinada pola técnica de xestión, polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais con datas 16 e 17/12/2024.

- **Memoria xustificativa** do contrato asinada pola técnica de xestión, polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais con data 03/12/2024.

- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato. asinado pola



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1813/1102

técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación con data 17/12/2024.

- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para contratación por procedemento aberto do servizo de produción técnica do soporte de espectáculos, concertos e outras actuacións necesarias para a celebración das actividades durante a Campaña do Nadal 2024-2025 e 2025-2026, asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación de data e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 17/12/2024.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22/06/2023, posterior corrección de data 28/06/2024, nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especias mediante resolución de data 23/02/2024 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- Tramitación anticipada de gasto. De conformidade coa disposición adicional 3ª.2 da LCSP poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uniranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por **procedemento aberto simplificado da prestación do servizo de supervisión dos traballos de campo de montaxe, desmonte e mantemento efectuados polas empresas contratistas da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, da exposición belenística, do servizo de megafonía e dos mercados do Nadal (Cíes market e Calvario) durante as campañas do Nadal 2024-2025 e 2025-2026**, cun orzamento base de licitación máis IVE de CORENTA E SETE MIL EUROS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1813/1102

DOUSCENTOS TRECE EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (47.213,43 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	Importe sin IVA (€)	IVE (€)	Total (€)
2025	33.398,62	7.013,71	40.412,33
2026	5.620,74	1.180,36	6.801,10
TOTAL	39.019,36	8.194,07	47.213,43

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 27/11/2024, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación con data 17/12/2024.

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2025 e 2026, na aplicación orzamentaria 4310.2270600 (ASISTENCIAS TÉCNICAS) crédito por importe de 40.412,33 € e 6.801,10 € respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 93597/250.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (93597-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (93597-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de “RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en datas 11 e 12.07.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 14.10.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO CORENTA E SETE MIL NOVE EUROS con VINTE E SEIS CÉNTIMOS (147.009,26 €), sendo a partida correspondente ao IVE de 13.364,48 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.00 “Conservación de vías e espazos públicos”, segundo a distribución de anualidades proposta.

Anualidade	con IVE
2024	12.250,70 €
2025	73.504,63 €
2026	61.253,93 €
Total	147.009,26 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1813/1102

prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 28 de novembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (93.597-250) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. (B-36.179.299), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., o día 5 de decembro de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 26 de decembro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación, de data 28 de novembro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. o procedemento aberto do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (93597-250) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 147.009,26 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.364,48 euros.*
- b) *Propón unha porcentaxe única de desconto do 15% a aplicar aos prezos unitarios do cadro de prezos do capítulo I do orzamento recollido no Anexo VI do PCAP.*
- c) *Propón unha redución do tempo de resposta no servizo para a retirada dos residuos non perigosos de 36 horas.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1813/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Nomeamento como funcionarios en prácticas, con cargo a 8 prazas vacantes de Policía Local, OEP 2023. Expte. 45814/220.
- .- Revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2025. Expte. 4855/449.
- .- Expediente para a contratación da execución das obras do proxecto de “Mellora da accesibilidade peonil na rúa Juan Ramón Jiménez entre a rúa Marqués de Valterra e rúa Torrecedeira. Expte. 2018/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

4.- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS, CON CARGO A 8 PRAZAS VACANTES DE POLICIA LOCAL, OEP 2023. EXPTE. 45814/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 30/12/2024 sométese a aprobación o informe-proposta do 26/12/2024, asinado polo técnico de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- En data 30 de maio de 2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

II.- Con data 29/12/2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2023 -exped. 41400-220- (publicacións oficiais no BOPPO núm. 5 de data 08/01/2024, BOPPO núm. 79 de data 23/04/2024 e DOG núm. 101 de 27/05/2024).

III.- Con data 13 de xuño de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 114) a orde pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía. Esta convocatoria incluía 11 prazas (8 pola quenda libre e 3 por mobilidade horizontal) do Concello de Vigo e se inclúen as bases que rexerán o proceso selectivo unitario convocado para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia.

IV.- Con data de 23/12/2024, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), remitiu ao Concello de Vigo "Comunicación adxudicación prazas do proceso selectivo por oposición libre para o acceso nos corpos de policía local, escala básica, categoría policía." Na referida comunicación, consta que:

Primeiro: "Con data 13 de decembro de 2024 o Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo antes citado, remitiu á Academia Galega de Seguridade, a relación de persoas aprobadas no proceso de acceso por oposición libre na categoría de policía e unha listaxe de reserva no que figuran aquelas persoas que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

De acordo co establecido nas bases da convocatoria, con data 1.12.2024 o director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública convocou ás persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre que figuran no Anexo da dita resolución ao acto de elección de praza. O dito acto tivo lugar o 23 de xaneiro de 2024 na sede da Agasp.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1813/1102

Como resultado deste acto, a proposta das persoas designadas para ocupar as prazas vacantes do proceso de acceso por oposición libre no seu concello é a seguinte:

DNI	NOME E APELIDOS
4878*	CARIDE VIEITEZ, NEREA
4572*	CAMPOS MARTÍNEZ, PEDRO
1605*	FARO DEL PICO, SERGIO
5699*	PEREIRA VAZ, ALFONSO
4930*	RODRÍGUEZ ALONSO, MARÍA
7171*	CARRERA PAZ, DAVID
1882*	SUÁREZ FERNÁNDEZ, ÓSCAR
4923*	GONZÁLEZ FREIRE, JAVIER

*Segundo: Que segundo os datos dos que dispón a Agasp persoas designadas para ese concello compren os requisitos para o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica do Corpo de Policía Local dese concello, segundo a normativa aplicable co convenio asinado no seu día.
“(…)”.*

Segundo establece o punto 9.3 da dita convocatoria, poden ser nomeados persoal funcionario en prácticas na categoría de policía no corpo da Policía Local dese concello, mediante resolución da Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia que corresponda.

Unha das persoas que elixiu praza nese concello, o señor Sergio Faro Del Pico, xa posúe a condición de funcionario de carreira no corpo da policía Local, polo que pode ser nomeado directamente por ese concello como funcionario de carreira. (...)”.

V.- Á vista do exposto, proporase no presente acordo o nomeamento como persoal funcionario en prácticas no Corpo da Policía Local do persoal remitido na comunicación da AGASP, excepto o de Sergio Faro Del Pico, que será obxecto dun acordo independente pero xa como funcionario de carreira, conforme ao disposto na mesma comunicación e segundo a tramitación que resulte procedente.

VI.- Sen prexuízo de que, conforme ao disposto na comunicación remitida en data 23/12/2024 pola AGASP, as persoas que aprobaron o proceso selectivo e foron designadas para este Concello, cumpren os requisitos para o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local, unha vez nomeados, poderáselle requirir por parte da Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo aquela documentación que se estime necesaria para a súa efectiva toma de posesión e antes de que teña lugar o citado trámite.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1813/1102

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos términos que estableza unha lei orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, promulgouse a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia. Así mesmo é de aplicación o Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro que desenvolve dita Lei de coordinación.

Neste senso, o artigo 36 da citada Lei de coordinación, referido ao persoal nomeado en prácticas, establece que:

“1. Durante el curso de formación y el periodo de prácticas, los aspirantes que no procedan de otros cuerpos de seguridad de la Comunidad Autónoma tendrán la consideración de funcionarios en prácticas. Durante este periodo los aspirantes percibirán las retribuciones que les correspondan de acuerdo con la legislación vigente. El nombramiento como funcionario de carrera se efectuará únicamente tras la superación del curso y el período de prácticas, de acuerdo con lo que se establezca en la correspondiente convocatoria.

2. Con independencia de la prueba de reconocimiento médico que pueda establecer dicha convocatoria, en cualquier momento anterior a ser nombrados funcionarios de carrera los aspirantes podrán ser sometidos a las pruebas médicas que sean precisas para comprobar su idoneidad, de acuerdo con el cuadro de exclusiones médicas que se determinará reglamentariamente. Si de las pruebas practicadas se deduce la existencia de alguna de ellas, el órgano responsable podrá proponer la exclusión de la persona aspirante del proceso selectivo. En dicho caso, corresponde al órgano competente para efectuar el nombramiento adoptar la resolución que proceda, sin que en ningún caso se tenga derecho a indemnización.

3. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, si la causa de exclusión a que se hace referencia en el apartado anterior sobrevino como consecuencia de lesiones sufridas en el ejercicio de sus cometidos como funcionario en prácticas, el órgano responsable propondrá su nombramiento como funcionario de carrera al órgano competente. En tal caso, debe asignarse a dicho funcionario un puesto de trabajo adecuado a sus capacidades.”

A base 9.3 da Orde de data 31 de maio de 2024 publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 114) pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía dispón que:

“Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación dende o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Agasp en que se indicará a data de inicio ...”

O apartado 9.4. relativo ao curso selectivo de formación: *“As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril e nos artigos 51 a 55 del Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro.*

O curso terá unha duración de 1.400 horas lectivas, 900 horas de formación teórico-práctica na Agasp en réxime de internado e 500 horas de prácticas nos respectivos concellos de procedencia.

Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente persoal funcionario de carreira na categoría de policía.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso....”

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1813/1102

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario en prácticas do Concello de Vigo, na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local (subgrupo C1), aos aspirantes contidos na comunicación remitida pola AGASP en data 23/12/2024, que superaron o proceso selectivo por oposición libre, das prazas correspondentes a Oferta de emprego público 2023 para acceso a este Corpo, resultando os seguintes:

DNI	APELIDOS E NOME
4878*	CARIDE VIEITEZ, NEREA
4572*	CAMPOS MARTÍNEZ, PEDRO
5699*	PEREIRA VAZ, ALFONSO
4930*	RODRÍGUEZ ALONSO, MARÍA
7171*	CARRERA PAZ, DAVID
1882*	SUÁREZ FERNÁNDEZ, ÓSCAR
4923*	GONZÁLEZ FREIRA, JAVIER

-O nomeamento do aspirante S. Faro Del Pico, DNI **1605***, que tamén superou o mesmo proceso selectivo, será obxecto de tramitación en outro procedemento independente, por posuír actualmente xa a condición de funcionario de carreira no corpo da Policía Local (en outro Concello), segundo a mesma certificación remitida pola AGASP en data 23/12/2024, non resultando necesario agora o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 8.4 da convocatoria (Orde de 31 de maio de 2024- DOG núm. 114) como requisito indispensable para acceder á condición de persoal

funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica. No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso perdendo todos os dereitos alcanzados.

TERCEIRO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Sen prexuízo de que conforme ao disposto na comunicación remitida en data 23/12/2024 pola AGASP, as persoas designadas para este concello cumpren os requisitos para o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local, unha vez nomeados estas, poderáselle requirir por parte da Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, para que presenten aquela documentación que se estime necesaria para a súa efectiva toma de posesión, que terá lugar unha vez publicado o presente acordo no BOP.

QUINTO.- A toma de posesión poderá demorarse se o persoal que agora se nomea como funcionario en prácticas, e baixo a súa responsabilidade, non presentase aquela documentación necesaria que para o cumprimento de dito trámite lle sexa requirida pola Área de Recursos Humanos e Formación, asumindo cada aspirante individualmente as consecuencias xurídicas e económicas que tal demora puidese conlevar, incluída, chegado o caso, a imposibilidade da súa toma de posesión antes do comezo do curso selectivo na data prevista pola AGASP.

SEXTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5.- REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2025. EXPTE. 4855/449.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 27/12/2024 e o informe de fiscalización do 30/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/12/2024, asinado pola xefa do Servizo de Transportes, o xefe de Área e Investimentos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1813/1102

I.- ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 16 de setembro de 1994 o Pleno do Concello de Vigo adxudicou a Viguesa de Transportes, S.A. (en adiante VITRASA), a concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros por un prazo de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco anos e ate un límite de 35 anos.

Segundo.- En data 5 de xuño de 2020, a XGL aprobou unha prórroga deste contrato por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020.

Terceiro.- Na data 29 de decembro de 2023, a XGL aprobou a revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2024 (expte 4412-449),

Cuarto.- Na data 30 de outubro de 2024 foi presentado pola empresa Viguesa de Transportes S.L.(Vitrassa) no rexistro xeral do Concello expediente de revisión de tarifas para o ano 2025.

Quinto.- Na data 26 de novembro de 2024 foi notificado a empresa Viguesa de Transportes S.L. informe proposta formulado polo servizo de transportes concedendolle tramite de audiencia por un prazo de 10 días hábiles para que presenten as alegacións que consideren oportunas, prazo que foi ampliado por resolución de data 11 de decembro de 2024.

Con data 12/12/2023, a empresa Viguesa de Transportes S.L. presenta no rexistro xeral escrito de alegacións en resposta ao tramite de audiencia concedido.

Sexto: Con data 24 de decembro de 2024, o BOE publica o Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte, e de Seguridade Social, e se prorrogan determinadas medidas para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social. Dito RDL, ven a regular:

Artigo 77. Réxime transitorio.

1. Prorrógase ata o 30 de xuño de 2025, a vixencia das axudas previstas nos artigos 64 ao 70 o Real decreto lei 8/2023, do 27 de decembro.

En todo caso a aplicación deste réxime transitorio estará supeditado nos supostos de municipios e entes locais supramunicipais que agrupen varios municipios que teñan a obriga legal, de acordo co establecido no artigo 14.3 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, de implantar unha zona de baixas emisións no seu territorio. a que dispoñan dela e atópase en funcionamento durante 2025.

II.- INFORME PARA A REVISIÓN DA TARIFA DE APLICACIÓN PARA O ANO 2024

A entidade mercantil “Viguesa de Transportes , S.L.” (Vitrassa), na data 30 de outubro de 2024 presenta expediente de revisión da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros

en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2025, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexeu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudio económico.

Presenta a seguinte proposta de revisión de tarifas para o ano 2025 :

- Billete ordinario 1,66 €/viaxeiro
- Prezo coche/qm 6,2735 €/qm

Con data 12/12/2023, VITRASA, presenta escrito de alegacións ao tramite de audiencia concedido polo Servizo de Transportes na cal veñen a indicar a su conformidade cos cálculos para o coeficiente de revisión Kt, co axuste das amortización dos 20 vehículos do ano 2024 coa aplicación dun mes de amortización, así como os axustes realizados nas amortización derivadas dos importes percibidos por VITRASA en concepto de indemnizacións por reequilibrio.

